

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a. Nome oficial	Dirección Financiera
b. Titulación	ADE
c. Créditos	9 (6 teóricos; 3 prácticos)
d. Curso	4º
e. Código da materia	611211402
f. Tipo	Troncal
g. Impartición	Anual
h. Departamento/s responsable/s	Economía Financiera e Contabilidade
i. Profesor/a coordinador / responsable da docencia	Carlos Piñeiro Sánchez

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Grupos A e B: Dr. Pablo de Llano Monelos
Dr. Carlos Piñeiro Sánchez

Grupo C:

2) Lugar e horario de titorías

Pablo de Llano Monelos: Luns, de 8:30 a 9:30

Carlos Piñeiro Sánchez: Luns, de 16.45 a 18.45
Martes, de 16.45 a 17.45

3) E-mail

Pablo de Llano Monelos: pdellano@udc.es

Carlos Piñeiro Sánchez: carpi@udc.es (*exclusivamente consultas urxentes e situacións excepcionais*)

4) Universidade Virtual

A Plataforma de Teleformación emprégase como punto de información e soporte para a distribución de materiais. Cómpre advertir que este material é complementario e está destinado a fins concretos, como mellorar ou cubrir lagoas no material bibliográfico, que se indicarán en cada caso.

5) Lingua na que se impartirá a docencia

Galego e castelán indistintamente

II. OBXECTIVOS DA MATERIA

Ó remata-lo curso académico os alumnos deben posuír un coñecemento preciso da teoría financeira, no tocante á problemática da Dirección Financiera. Esta materia asume a base de coñecementos e habilidades correspondente a cursos previos da titulación para completa-lo dominio das metodoloxías de análise e decisión e avanzar no estudio doutras cuestións de maior entidade, como a modelización e xestión do risco financeiro.

Dende o punto de vista das habilidades, preténdese desenvolver-las aptitudes analíticas fundamentais para a identificación e modelización de problemas, e a análise das decisións correspondentes. Inclúense aquí o manexo básico das funcionalidades financeiras da folla de cálculo, a capacidade para buscar e selecciona-los datos requiridos para diagnostica-los problemas, e as habilidades precisas para formular, resolver e aplica-los modelos esenciais da área de coñecemento.

III. METODOLOXÍA

A materia forma parte do *Grupo de Calidade de Dirección Financiera*, e a súa metodoloxía está deseñada baixo as súas directrices de adaptación ó ECTS¹. As actividades académicas inclúen tarefas presenciais e non presenciais, teóricas e prácticas; no caso das actividades presenciais non se fai reserva especial de tempo para as prácticas, que se desenvolverán de forma parella á discusión da teoría.

A finalidade das sesións presenciais non é repeti-lo contido das fontes bibliográficas, impartir unha lección maxistral, nin tomar unha nota textual das exposicións. Os seus obxectivos principais son encadra-los temas de traballo, axudar ó tratamento de cuestións particularmente complexas e organizar o traballo xeral do grupo. Os alumnos teñen plena liberdade para participar na programación de actividades e no propio contido destas sesións presenciais, ben entendido que isto implica un compromiso de traballo e unha disposición activa e participativa.

A materia está incursa no programa de converxencia ó ECTS e é impartida de acordo coas directrices desenvolvidas polo Grupos de Calidade de Finanzas. Isto implica que unha parte da carga de traballo do alumno consistirá en tarefas non convencionais que inclúen, entre outros, o tratamento de problemas en condicións reais, o desenvolvemento de modelos en folla de cálculo e o estudo de casos. O alumno debe ser consciente de estas tarefas non son unha simple condición formal necesaria para concorrer ás probas parciais, senón actividades deseñadas intencionalmente para completa-la súa formación afondando en aspectos complexos ou que requiren unha certa reflexión persoal, e desenvolvendo habilidades de traballo.

IV. AVALIACIÓN

A avaliación pretende expresa-lo esforzo do alumno, o seu progreso na adquisición das habilidades propias da área, o grao de asimilación dos conceptos e modelos teóricos, e a súa competencia para desenvolverse no tratamento de problemas. De acordo co previsto nos Estatutos da UDC, na normativa sobre cualificacións e na propia filosofía ECTS, a avaliación ten carácter continuo e neste caso baséase en tres indicadores:

¹ O deseño metodolóxico e a avaliación continua están suxeitos a que o Vicerreitorado de Calidade da UDC aprobe a continuidade do Grupos de Calidade de Dirección Financiera e Función Financiera en 2007-08. En caso contrario a avaliación consistirá exclusivamente nunha proba de conxunto.

1. Os resultados das prácticas e traballos persoais. Os alumnos examinaranse dos contidos destas prácticas en probas escritas ou, se os medios do centro e a capacidade docente o permiten, a través de exames diante do ordenador.
2. Os resultados das probas teórico - prácticas que se realizarán sistematicamente ó longo do curso, con carácter liberatorio cando así se estableza.
3. Outros indicadores expresivos do traballo e o esforzo do alumno: nivel de asistencia e calidade da participación nas actividades presenciais, resultados das titorías, etc.

Exclusivamente na convocatoria de Xuño, a cualificación do alumno será unha media ponderada dos exames e das prácticas e traballos, sempre e cando seguise puntualmente o plano de traballo e tódalas cualificacións sexan iguais ou superiores a tres.

Contido	Entrega aproximada
Valoración de empresas e análise financeira	Novembro
Teoría de eficiencia	Decembro
Avaliación activos de capital	Xaneiro
Risco de interese	Marzo
Opcións reais	Maio

Se non se cumpren estas condicións, e tamén nas convocatorias de Setembro e Decembro, o alumno ten a posibilidade de libera-la materia nunha proba de conxunto a realizar nas datas sinaladas para as convocatorias oficiais. Esta proba ten carácter teórico - práctico e poderá ser oral ou escrita ou unha combinación de ambas; o alumno parte dunha cualificación igual a cero (non se barema ningunha cualificación obtida durante o curso) e se examina de tódolos contidos, habilidades e competencias que forman parte dos obxectivos da materia, incluíndo as prácticas e resto de actividades realizadas ó longo do curso.

En tódalas actividades cualificables poden inserirse cuestións relativas a aspectos básicos da materia, con carácter excluínte. O alumno recibirá unha cualificación igual a cero, coas consecuencias académicas que se deriven, se estas cuestións non reciben unha resposta mínima, ou o alumno amosa un descoñecemento manifesto.

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

1. Natureza e obxectivo da función financeira da empresa

PRIMEIRA PARTE: AVALIACIÓN DE INVESTIMENTOS

2. Fundamentos de avaliación de investimentos
3. Valoración da empresa
4. Valoración de activos financeiros. Métodos clásicos
5. A teoría da eficiencia do mercado
6. Avaliación de activos de capital e teoría de carteira
7. CAPM: o modelo de valoración de activos de capital
8. APT. A teoría de valoración por arbitraje

SEGUNDA PARTE. XESTIÓN DO RISCO FINANCEIRO

9. O risco financeiro e a súa caracterización
10. O risco de interese
11. A modelización do risco de mercado
12. O risco de creto
13. Contratos a prazo e futuros
14. Opcións financeiras
15. Aplicacións de OPT na dirección financeira
16. Xestión dos riscos derivados da actividade internacional da empresa

TERCEIRA PARTE. DECISIÓNS FINANCEIRAS A CURTO PRAZO

17. Xestión de tesourería
18. Aspectos financeiros da xestión de inventarios

VI. RECOMENDACIÓNS

Pola súa densidade e certa complexidade matemática, a materia require inexcusablemente adicación e un compromiso firme de traballo por parte do alumno. Ninguén que non estea interesado debería sentirse obrigado a participar nas sesións presenciais e/ou segui-lo programa de traballo da materia, pero a nosa experiencia indica que as posibilidades de libera-la materia e o valor medio da cualificación melloran substancialmente cun traballo sistemático durante todo o curso.

Cómpre lembrar que o sistema ECTS implica unha forma de traballo diferente: o alumno ten máis autonomía e menos carga de traballo presencial pero, ó mesmo tempo, debe organiza-lo seu tempo e asumir máis responsabilidade no eido do traballo con bibliografía, a preparación de materiais, e o estudo persoal. Para ilo conta coa titoría e o apoio dos docentes, con materiais introductorios que o axudarán nestas tarefas, e cunha rebaixa do horario lectivo presencial; pero o alumno debe ser consciente de que a metodoloxía e o programa de traballo están deseñados sobre a presunción de que está a desenvolver pola súa conta estas actividades. Por ilo as sesións presenciais adícaranse a traballar so as cuestións máis problemáticas cunha perspectiva participativa, sen que ilo deba interpretarse como unha rebaixa no nivel de esixencia académica.

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Os avisos máis relevantes estarán dispoñibles na web da materia na Facultade Virtual da UDC (<http://fv.udc.es>), pero os alumnos deben ser conscientes de que o contido desta web é complementario e non substitutivo das actividades presenciais: o lugar natural para a coordinación do traballo do grupo e o tratamento das dúbidas é a aula ou, no seu defecto, as titorías. Existe unha bibliografía básica que cobre amplamente o temario, e tamén unha recompilación de fontes específicas para cada capítulo.

